

CONTRATACIÓN DUN ESTUDIO SOBRE O SECTOR DA INSTALACIÓN E MANTEMENTO DE ASCENSORES E MONTACARGAS EN GALICIA DENDE O PUNTO DE VISTA DA COMPETENCIA.

INFORME SOBRE PROCESO DE ADXUDICACIÓN E OFERTAS PRESENTADAS

A Lei 6/2004, do 12 de xullo de 2004, reguladora dos órganos de defensa da competencia de Galicia, creou o Tribunal Galego de Defensa da Competencia, organismo autónomo de carácter administrativo dotado de personalidade xurídica e presuposto propio con capacidade de obrar e plena independencia no exercicio das súas competencias, que ten como fin xeral preservar o funcionamento competitivo dos mercados no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, garantindo a existencia neles dunha competencia efectiva.

O 19 de marzo de 2007 foi ditada polo presidente do TGDC resolución pola que se anunciaba a convocatoria para a contratación dun estudio sobre o sector da instalación e mantemento de ascensores e montacargas en Galicia dende o punto de vista da competencia.

O citado contrato, tipificado como de consultaría e asistencia, ten un presuposto base de licitación inferior a 12.020,24 € e unha duración inferior a un ano, polo que, de conformidade cos artigos 56 e 201 do Real Decreto Lexislativo 2/2000, Lei de Contratos das Administracións Públicas, ten a consideración de contrato menor.

Non obstante o anterior, e co obxectivo de fomentar a transparencia e incrementar o número de potenciais concorrentes, este organismo considerou axeitado dar maior publicidade á proposta de contratación, conforme o establecido no artigo 10º. 2 segundo parágrafo da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración Pública Galega (DOG 14 de xullo de 2006).

Para iso o día 29 de marzo de 2007 inseriuse no Diario Oficial de Galicia publicidade da contratación, na que se facía referencia á posibilidade de consultar o texto íntegro do anuncio de contratación na nosa páxina Web www.tgdcompetencia.org.

Posteriormente tamén foron enviados convites formais por correo electrónico a distintos departamentos das universidades galegas e a empresas consideradas como potenciais contratantes.

Dentro do prazo de presentación de ofertas, que rematou o día 13 de abril de 2007, recibíronse as presentadas polos seguintes licitadores:

- Fernando Blanco Silva e outro

- José Manuel Sánchez Santos e outros (Economía Aplicada I - UDC)
- FBA Consulting
- IDEARA
- PROXECTOS, Consultoría e Formación, S.L.

Valoradas estas ofertas de acordo cos criterios establecidos no punto 11 da resolución de convocatoria da contratación resultou o seguinte:

Empresas	Proposta económica e puntuación (Máx. 4)	Prazo de execución e puntuación (Máx. 1)	Calidade Técnica e puntuación (Máx. 5)	Puntuación final (Máx. 10)
Fernando Blanco Silva e outro	7.777 € 2,2	90 días 1,0	3,2	6,6
José Manuel Sánchez Santos e outros (Economía Aplicada I - UDC)	10.000 € 0,0	6 meses 0,0	4,8	4,8
FBA Consulting	8.950 € 1,0	4 meses 0,6	2,8	4,4
IDEARA	9.650 € 0,3	4 meses. 0,6	2,8	3,7
PROXECTOS, Consultoría e Formación, S.L.	9.700 € 0,3	5 meses 0,3	2,8	3,4

De conformidade co anterior considerouse a oferta presentada por Don Fernando Blanco Silva e outro como a máis axeitada.

Polo tanto o presidente do TGDC, órgano de contratación deste organismo, efectúa resolución do 4 de maio de 2007 adxudicando o contrato para a confección do estudo sobre o sector da instalación e mantemento de ascensores e montacargas en Galicia dende o punto de vista da competencia a Don Fernando Blanco Silva e outro. A contratación é efectuada por un importe de 7.777 € e prazo de execución de 90 días.

Santiago de Compostela, 4 de maio de 2007
O secretario xeral



José Antonio Rodríguez Míguez